

### Gotas de suor

Suar é unha das maneiras en que o corpo se desfai de certas substancias de refugallo, que chegan ao exterior a través das glándulas sudoríparas. É, ademais, un mecanismo espléndido de regulación da temperatura corporal. Por moito que nos moleste suar, non facelo podería chegar a ser moi prexudicial, mesmo mortal!

As aves teñen as glándulas sudoríparas debaixo das ás e nas partes do corpo libres de plumas. Entre os mamíferos, non son moitos os que súan. Boa parte deles, como a vaca e o can, loitan contra o aumento da temperatura cun sistema moi diferente: alentando a un ritmo acelerado e cun palmo de lingua fóra!

Se algunha vez pensaches que súas moito, intenta poñerte por un momento na pel dun cabalo. Estes animais chegan a perder de 10 a 15 litros de suor por hora mentres fan un exercicio moderado... e máis de 40 se é intenso!

Posiblemente, a «suor» máis estraña do reino animal é a do hipopótamo, dunha cor que vai do rosa suave ao vermello intenso. As lendas din que é porque súa sangue... Non o creas! Trátase, en realidade, dunha mestura de substancias que teñen, entre outras virtudes, a de protexelo do sol e das infeccións. E é que a natureza é sabia!



#### 1 Busca no texto e copia. Para que serve suar?

Suar serve para que o corpo se desfaga de certas substancias de refugallo e é un mecanismo de regulación da temperatura corporal.

#### 2 Explica. Como regulan a temperatura corporal as persoas e os cans?

As persoas regúlana grazas á suor e os cans fano alentando a un ritmo acelerado e cun palmo de lingua fóra.

3 Escribe cada palabra da lectura onde corresponda.

glándula  
prexudicial  
refugallo  
alentar  
lenda

- Alentar \_\_\_\_\_ ▶ Absorber e expulsar o aire, respirar.
- Glándula \_\_\_\_\_ ▶ Órgano do corpo que produce substancias coma a suor.
- Lenda \_\_\_\_\_ ▶ Historia imaxinaria que se explica coma se fose real.
- Prexudicial \_\_\_\_\_ ▶ Que provoca un prexuízo, é dicir, un dano.
- Refugallo \_\_\_\_\_ ▶ Cousa que non se aproveita, que se tira.

4 Marca só as afirmacións que sexan certas.

- Suar pode resultar prexudicial para a saúde.
- A suor chega ao exterior a través das glándulas sudoríparas.
- Os paxaros súan polas puntas das plumas.
- As vacas regulan a súa temperatura suando coma as persoas.
- Os cabalos poden suar ata 40 litros por hora se fan un exercicio intenso.



5 Volve ler o parágrafo do texto que fala sobre o hipopótamo e responde.

- Que contaban as lendas sobre a súa suor? As lendas din que súa sangue.
- Que é en realidade e que utilidade ten? En realidade é unha mestura de substancias.  
Ten a utilidade de protexelo do sol e das infeccións.

6 Arrodea a persoa que súa moito.



7 Reflexiona. Que cres que quere dicir a expresión *A natureza é sabia*? **R. M.**

Que a natureza nos proporciona o que necesitamos.

### LEMBRA

O son B represéntase con **v** nos seguintes casos:

- Nas palabras en que vai detrás de *n*.
- Nos adxectivos rematados en *-avo/a*, *-ave*, *-evo/a*, *-eve*, *-ivo/a* (agás *ceibo*, *ceibe*, *árabe* e *roibo*).
- Nas formas dos verbos que teñen o son B e que non levan nin **b** nin **v** no infinitivo (exceptúanse as terminacións *-aba*, *-abas*, *-aba...* dos verbos da 1.<sup>a</sup> conjugación).
- Nas formas dos verbos rematados en *-ver* agás *absorber*, *beber*, *caber*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber* e *sorber*.
- Nas formas dos verbos *servir*, *vivir* e *vir*.

### 1 Completa con **b** ou con **v** segundo corresponda.

- Ci**b**rán non sa**b**e se elixir unha ta**bl**eta ou un mó**b**il polo seu ani**v**ersario.
- **V**oulle en**v**iar un paquete a teu a**v**ó en bre**v**e.
- Miña nai é a**v**ogada e meu tío, **v**arredor.
- A **v**oda cele**b**rouse na oita**v**a semana do ano.
- Ti**v**en a posi**b**ilidade de coñecer a persoa máis lonxe**v**a da **v**ila e era moi agrada**b**le.



### 2 Completa as oracións coa palabra que corresponda en cada caso.

baca    vaca

- Colocaron a maleta na **baca** do coche mentres unha **vaca** rubia os observaba.

cabo    cavo

- Eu **cavo** as viñas e chego ata o **cabo** da leira.

balor    valor

- Hai que ter moito **valor** para comer ese queixo con **balor**.


### 3 Escribe tres palabras derivadas de cada unha das seguintes.

- chuvia ► **Chuvasco, chuvascada, chuvasqueiro.**
- revelar ► **Revelador, revelación, revelado.**

SABER FACER

CONTAR UNHA SECUENCIA

1 Observa e numera as viñetas segundo a orde en que ocorre a historia.



2 Escribe un texto en que narres a secuencia anterior tal como a ordenaches e ponlle un título. Procura redactar polo menos unha oración para cada viñeta. R. M.

AS MIÑAS GALLETAS

Brais púxose a facer galletas de manteiga. Mentres se cocían no forno decidiu descansar un pouco no sofá, diante da televisión, e quedou durmido.

Ao pouco tempo espertou sobresaltado co cheiro a fume: Ai, as miñas galletas!

Sacounas do forno pero xa esta estaban queimadas. Nese mesmo momento

soou o timbre; era o carteiro que traía un paquete para el. Abriuno e... era unha caixa de saborosas galletas!